OITAVO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº **2023-CREXT-04_SUPLE-04_VIII** para atender a diversas actuacións no departamento de Deportes por un importe de **SETECENTOS SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS**

EUROS E DEZANOVE CÉNTIMOS (762.892,19 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **762.832,19** euros para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor Deportes (CX 30) de necesidade de crédito para o uso do campo de fútbol/rugby da Universidade de Santiago de Compostela, actuacións de emerxencia executadas nas pistas exteriores de acceso libre, gastos producidos polo deporte federado nos edificios vinculados á xestión da sociedade mixta XADE SL, actuacións de emerxencia executadas nas pistas exteriores de acceso libre e para obras a executar nas pistas exteriores de acceso libre, co seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Uso do campo de fútbol/ rugby da Universidade de Santiago de Compostela	090 34200 2269901	32		CE	50.000,00
Actuacións de emerxencia executadas nas pistas exteriores de acceso libre	090 34200 2120102				66.394,28
Gastos producidos polo deporte federado nos edificios vinculados á xestión da sociedade mixta XADE SL	090 34200 4539001				266.437,91
Obras a executar nas pistas exteriores de acceso libre	090 93302 6320001		2023 4 INDEP 8		380.000,00
TOTAL CE DEPORTES A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022					762.832,19

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **762.832,19 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	762.832,19 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	762.832,19 €

NOVENO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº **2023-CREXT-04_SUPLE-04_IX** para atender á estimación de dous recursos presentados na convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19, anualidade 2020 por un importe de **CINCO MIL EUROS (5.000,00 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **5.000,00** euros para á estimación de dous recursos presentados na convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19, anualidade 2020, co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas por estimación dos recursos na convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19, anualidade 2020	070 43200 4790101	33	CE	5.000,00
TOTAL CE PROMOCIÓN E ORDEACIÓN TURÍSTICA A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022				5.000,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **5.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	5.000,00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	5.000,00 €

DÉCIMO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº **2023-CREXT-04_SUPLE-04_X** para atender á concesión dunhas liñas de subvencións, por concorrencia, para melloras e ao crecemento de empresas de economía social por un importe de **DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000,00 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **250.000,00** euros para atender á convocatoria extraordinaria de axudas para de concesión dunhas liñas de subvencións, por concorrencia, para melloras e ao crecemento de empresas de economía social, co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	CONCEPTO	IMPORTE
Axudas melloras e crecemento empresas economía social convocatoria 2022	010 43300 4790002	34	CE	250.000,00
TOTAL CE PROMOCIÓN ECONÓMICA A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022				250.000,00

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **250.000,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	250.000,00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	250.000,00 €

UNDÉCIMO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº **2023-CREXT-04_SUPLE-04_XI** para atender a diversas necesidades do departamento de Medio Rural por un importe total de **OITOCENTOS VINTE E NOVE MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS E SETENTA CÉNTIMOS DE EURO (829.199,70 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **784.360,31 €** para actuacións no departamento de Medio Rural, co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Mellora equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras	100 93302 6320001	35	2023 4 RLTOR 12	CE	370.047,53
Ampliación ciclo integral da auga na rúa do Coto dos Olmos e Amarelle	100 16100 6090001		2023 4 RLTOR 12		71.248,15
Obras de abastecemento (O Exo)	100 16100 6090002		2023 4 RLTOR 12		100.000,00
Obras de saneamento (A Sonlla)	100 16100 6090003		2023 4 RLTOR 12		243.064,63
TOTAL OE MEDIO RURAL A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022					784.360,31

B) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito, por unha contía de **44.839,39 €**, para atender a actuacións financiadas co Plan Provincial POS+2021 co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Mellora e acondicionamento do CSC de Vilvestro	100 93303 6320000		2021 2 PPROV 35	SC	20.003,82
Mellora e acondicionamento do CSC de Enfesta	100 93303 6320000		2021 2 PPROV 35		24.835,57
TOTAL SC MEDIO RURAL A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022					44.839,39

C) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais **829.199,70 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	784.360,31 €
Total suplemento de crédito.....	44.839,39 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	829.199,70 €

DUODÉCIMO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº **2023-CREXT-04_SUPLE-04_XII** para atender a un convenio coa USC e á reforma das instalacións municipais no mercado de Amio por un importe total de **CENTO ONCE MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS E DEZASEIS CÉNTIMOS DE EURO (111.769,16 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario por un importe de **20.000,00 €** para a formalización dun convenio coa USC pola custodia do arquivo municipal, co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Convenio a asinar coa Universidade de Santiago de Compostela pola custodia do arquivo municipal	030 92000 4890001	37		CE	20.000,00
TOTAL CE ADMINISTRACIÓN XERAL A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022					20.000,00

B) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito, por unha contía de **91.769,16 €**, para a reforma das instalacións municipais do mercado de Amio co seguinte detalle:

DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
Reforma de instalacións municipais situadas no mercado de Amio	030 92000 6320000	37	2021 2 EDIF 10	SC	91.769,16
TOTAL SC ADMINISTRACIÓN XERAL A FINANCIAR CO RLTX DO EXERCICIO 2022					91.769,16

C) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais **111.769,16 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	20.000,00 €
Total suplemento de crédito.....	91.769,16 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	111.769,16 €

DÉCIMO TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario n.º 2023-CREXT-04 e suplemento de crédito n.º 2023-SUPLE-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

DÉCIMO CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario n.º 2023-CREXT-04 e suplemento de crédito n.º 2023-SUPLE-04, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

DÉCIMO QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-04 e suplemento de crédito 2023-SUPLE-04 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

Dona Marta Irene Lois González abandona a sesión ás 15:45 horas.

**10. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00012359N.
PRÓRROGA E MODIFICACIÓN DO CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS**

BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA PARA REGULAR O PROXECTO 'PARQUE COMPOSTELA RUPESTRE.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal, na sesión do 19 de abril de 2018, aprobou a subscrición do Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto “Parque Compostela Rupestre”.

O Convenio asinouse o 18/09/2018, cun prazo de vixencia de catro anos, susceptibles de prórroga por un máximo de catro anos adicionais.

Co obxecto de formalizar a prórroga do Convenio asinado o 18.09.2018, elaborouse un borrador para a súa renovación, no que se actualizan as persoas asinantes e se elimina o contido da estipulación sétima do Convenio anterior.

No expediente consta informe favorable do secretario xeral do Pleno municipal, co contido que deseguido se transcribe:

“ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación, na sesión do 19 de abril de 2018, aprobou a subscrición do “Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto ‘Parque Compostela Rupestre”, formalizándose este o 18/09/2018.

A vixencia do convenio é de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos máis.

2. O 16/03/2023 a Dirección da Área de Urbanismo e Infraestruturas solicitou a emisión de informe relativo á aprobación da prórroga do convenio por catro anos máis.

A proposta remitida, ademais da prórroga do convenio, inclúe diversas modificacións das súas cláusulas orixinais.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).

RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O art. 5 LBRL dispón que “para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades Locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obligarse, interpor os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis”.

Con maior detalle, o art. 310 LALG establece que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que consideren adecuados, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e cumpriranos de conformidade co seu contido, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, se é o caso, pola lexislación básica ou pola lexislación da Comunidade Autónoma en favor das mencionadas entidades”. E de no mesmo senso se manifesta o art. 111 TRRL.

As normas transcritas avalan suficientemente a capacidade dos concellos para subscribir convenios pero, a maior abastanza, o art. 47.1 LRXSP, ao definir os convenios, recoñece explicitamente a capacidade das Administracións Públicas para celebralos.

Segunda.- A capacidade dos concellos para subscribir validamente convenios está limitada polo ámbito das súas competencias, de xeito que o obxecto daqueles ten que atoparse comprendido dentro do seu ámbito competencial (“para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias”, di o antes citado art. 5 LBRL).

No suposto que se informa, a competencia municipal para celebrar o convenio está amparada polo previsto no art. 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que lle atribúe ás entidades locais “en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial” a obriga de “a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”.

Así mesmo, en relación co suposto que se informa, o art. 2.2 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural, dispón que “as distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta lei”, expresando un mandato de cooperación ás Administracións Públicas para o exercicio das súas competencias en materia de patrimonio cultural.

Terceira. Os arts. 47 e 48 LRXSP detalla os requisitos para a validez e a eficacia dos convenios, que poden sintetizarse nos seguintes:

- A subscrición dos convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- Se inclúen compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, e quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a súa vixencia. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poden ser superiores aos gastos derivados da execución do propio convenio.

- Se o convenio ten por obxecto regular o outorgamento dunha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento. Do mesmo xeito, se ten por obxecto a delegación de competencias nunha Entidade Local, deberá cumprir co previsto na LBRL.

- O convenio non pode ter por obxecto prestacións propias dos contratos; de ser o caso, deberá aplicarse o previsto na lexislación de contratos do Sector Público.

Doutro lado, o texto dos convenios deberá ter o contido mínimo previsto polo art. 49 LRXSP, e será o seguinte:

- Suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúan.

- A competencia na que se fundamenta a actuación municipal.

- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente segundo o previsto na lexislación orzamentaria.

- Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do convenio.

- O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

- Prazo de vixencia do convenio tendo en conta que a súa duración será determinada e non superior a catro anos, agás que unha norma contemple un prazo superior. Non obstante en calquera momento antes da finalización do prazo, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Cuarta. O procedemento de aprobación dos convenios pode sintetizarse nos seguintes trámites.

- O convenio deberá ir acompañado dunha memoria xustificativa na que se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade e o resto de requisitos que estableza a lexislación.

- O art. 50.2 LRXSP dispón que, con carácter previo á súa aprobación, se emitirá informe xurídico sobre o texto do convenio, aínda que esta previsión é de aplicación supletoria para as Entidades Locais. Non obstante, ao ter o presente convenio por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, de conformidade co previsto no art. 122.5 e).2º, en relación co art. 123.2 j), os dous da LBRL, debe emitir informe preceptivo de asesoramento legal o secretario xeral do Pleno.

- De xulgarse conveniente, de conformidade co establecido polo art. 83 LPAC, a proposta de convenio poderá someterse a un trámite de información pública para a presentación de alegacións polos interesados.
- Consonte ao previsto no art. 214 TRLRFL e 4 do RD 128/2018, do 16 de marzo, regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con carácter previo á súa aprobación, o expediente deberá ser fiscalizado pola Intervención municipal.
- O convenio será aprobado polo órgano competente, en función da materia sobre a que verse. Neste caso, ao implicar a transferencia a outra Administración Pública de funcións ou actividades da competencia propia, é o Pleno da Corporación o órgano competente para a súa aprobación [art. 123.1 j) LBRL]).
- O convenio perfeccionarase coa prestación do consentimento polas partes (art. 48.8 LRXSP).

Unha vez aprobados, os convenios deberá publicarse no Portal de Transparencia, de conformidade co establecido polo art. 8.1 b) LT.

CONCLUSIÓN

A proposta de prórroga e modificación do convenio “Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto ‘Parque Compostela Rupestre’” adecúase ao previsto na normativa que resulta de aplicación, polo que se informa favorablemente.

Este é o meu informe sen prexuízo doutro criterio superior en Dereito.”

CONSIDERACIÓNS

O órgano competente para adoptar o acordo de renovación e de modificación do Convenio é o Pleno municipal, de conformidade co disposto no artigo 123.1.j) da Lei de Bases de réxime local.

Aprobar a seguinte proposta de prórroga e modificación do Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto “Parque Compostela Rupestre”.

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE “COMPOSTELA RUPESTRE”

Na cidade da Coruña, o ... de ... de

REUNIDOS

D. ..., presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Ames, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Brión, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Teo, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Val do Dubra, ou concelleiro/a delegado/a da área,

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos,

actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos -en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínste, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores de arte rupestre deste territorio,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en**

valor do arte rupestre no parque Compostela Rupestre, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Compostela Rupestre, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas a levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades a desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na base sétima, a partir deste momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sexta, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración Xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, e constitúe a prórroga do convenio número 88/2018, asinado o 20 de novembro de 2018. Xa que logo, as entidades

asinantes comprométense a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase a súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.

Sétima.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dúas persoas representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo unha delas o titular da Alcaldía ou concelleiro/a no que delegue.

b) Dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas entre os membros da Corporación.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, o persoal funcionario ou técnico especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de maior poboación dos partícipes e consecutivamente.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo terceira.

Oitava.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

a) Nomear á persoa titular da presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.

b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.

- c) Aprobar inicialmente e propor ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Novena.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.
2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décima.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a Presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.
3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo primeira.- Atribucións da Presidencia.

Corresponde á Presidencia exercer as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidese crearse ao abeiro do presente convenio.
- b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.
- c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo segunda.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicárase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo terceira.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

Décimo cuarta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo quinta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sexta.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal o por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.

c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que proporá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo sétima.- Entrada en vigor e aplicación.

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polas corporacións interesadas e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base sétima.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente á sesión extraordinaria do pasado día 5 de maio, o Pleno da Corporación unanidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes (9 PSdeG-PSOE, 6 PP, 4 CA, 2 BNG e 1 N/A), acorda:

Aprobar a seguinte proposta de prórroga e modificación do Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto “Parque Compostela Rupestre”.

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO E VAL DO DUBRA PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE “COMPOSTELA RUPESTRE”

Na cidade da Coruña, o ... de ... de

REUNIDOS

D. ..., presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Ames, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Brión, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Teo, ou concelleiro/a delegado/a da área,

D. ..., alcalde-presidente do Concello de Val do Dubra, ou concelleiro/a delegado/a da área,

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial

dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos -en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores de arte rupestre deste territorio,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre no parque Compostela Rupestre**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto

Compostela Rupestre, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do arte rupestre, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas a levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades a desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na base sétima, a partir deste momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sexta, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e,

no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración Xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, e constitúe a prórroga do convenio número 88/2018, asinado o 20 de novembro de 2018. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase a súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.

Sétima.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dúas persoas representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo unha delas o titular da Alcaldía ou concelleiro/a no que delegue.

b) Dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas entre os membros da Corporación.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, o persoal funcionario ou técnico especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de maior poboación dos partícipes e consecutivamente.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo terceira.

Oitava.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

a) Nomear á persoa titular da presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.

b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.

c) Aprobar inicialmente e propor ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.

d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.

e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.

f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.

g) Acordar a resolución do presente convenio.

h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Novena.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décima.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a Presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo primeira.- Atribucións da Presidencia.

Corresponde á Presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidese crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo segunda.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicárase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo terceira.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

Décimo cuarta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo quinta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sexta.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal o por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo sétima.- Entrada en vigor e aplicación.

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polas corporacións interesadas e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base sétima.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

11. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00016988H.
CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA CIDADE HISTÓRICA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

De conformidade co disposto no art. 70 bis da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LBRL), os concellos teñen a obriga de establecer e regular os procedementos e órganos axeitados para facer efectiva a participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

Os órganos máis acaídos para este fin son os consellos sectoriais, órganos complementarios da organización municipal que canalizan a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais (artigo 130 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais -ROF-).

O Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela define aos consellos sectoriais como “órganos de participación e información da xestión municipal, referidos aos distintos sectores de actuación nos que o concello ten competencias” (art. 30).

A cidade histórica de Santiago de Compostela foi declarada Conxunto histórico de interese nacional no ano 1941, e Patrimonio de la Humanidad pola UNESCO no ano 1985. A súa preservación e revitalización é un obxectivo primordial, polo que se estima conveniente artellar un mecanismo de participación ordenada que permita obter unha diagnose certa e plural dos problemas detectados e das posibles solucións.

Con esta finalidade, iniciouse en marzo de 2023 o procedemento legal e regulamentariamente establecido para a creación do Consello municipal da cidade histórica, e para a aprobación do seu Regulamento.

A creación do Consello é competencia do Pleno municipal, que determinará a súa composición, organización e ámbito de actuación (artigos 71 e 72 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia -LALGA- e 130 e 131 do ROF).

De conformidade coa lexislación aplicable, e co artigo 29 do Regulamento municipal, o Pleno poderá acordar o establecemento de consellos sectoriais, para cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal (...), coa finalidade de “canalizar a participación dos cidadáns e as súas asociacións nos asuntos municipais”.

A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario. En todo caso, cada consello estará presidido polo Alcalde, ou membro da Corporación no que

se delegue a presidencia executiva. A vicepresidencia 2ª recaerá necesariamente nun representante cidadán (artigo 31)

Unha vez constituído o consello sectorial por acordo do Pleno municipal, dotarase dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo Pleno (artigo 32)

Os consellos sectoriais teñen idénticas funcións que o Consello de Relacións Veciñais, coa salvedade de que están referidas exclusivamente ó seu ámbito de actuación específico (artigo 33):

- a) Propoñerlle ó órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
- b) Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
- c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.
- d) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

CONSIDERACIÓNS

No expediente tramitado consta:

- Providencia de incoación asinada pola concelleira delegada de Urbanismo o 31.03.2023
- Informe da Dirección de Área de Urbanismo, sobre a creación do Consello e sobre o proxecto do seu Regulamento interno de funcionamento
- Informe favorable do secretario xeral do Pleno municipal
- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno o día 10 de abril de 2023

O órgano competente para adoptar o acordo de creación do Consello é o Pleno municipal, de conformidade co disposto na Lei 5/1997 de administración local de Galicia, no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago.”

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Crear o Consello Municipal da Cidade Histórica como órgano de participación da cidadanía residente na cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela nos asuntos de competencia municipal que lles afecten.

O Consello Municipal da Cidade Histórica terá as seguintes características básicas:

- 1) Ámbito de actuación: asuntos de competencia municipal que lle afecten aos intereses colectivos da veciñanza e das entidades domiciliadas na cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela, ou que pola súa actividade e fins estean relacionados con ese ámbito da cidade.
- 2) Composición e organización: o Consello Municipal da Cidade Histórica estará integrado polos seguintes órganos:

Presidencia: persoa que desempeñe a Alcaldía ou concelleiro no que delegue a presidencia executiva.

Vicepresidencia: un vicepresidente primeiro, que será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos da cidade histórica; un vicepresidente segundo, que será un representante da cidadanía designado polo Consello.

Vogais:

Un representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación

Un representante do Consorcio da Cidade de Santiago

Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.

Un representante das asociacións de veciños da cidade histórica.

Un representante das asociacións de comerciantes da cidade histórica

Un representante das asociacións culturais da cidade histórica

Un representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Un representante do Consello Económico e Social do Concello de Santiago de Compostela

Dous expertos de recoñecido prestixio.

Secretaría: titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario no que delegue.

3) Réxime de funcionamento: o Consello Municipal da Cidade Histórica celebrará sesións ordinarias cunha periodicidade semestral. Tamén celebrará sesións de carácter extraordinario cando o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos seus membros.

O Consello Municipal da Cidade Histórica poderá constituír, baixo a súa supervisión, comisións de traballo, temporais ou permanentes, para a elaboración de informes, propostas ou desenvolver proxectos ou programas nos asuntos que o Consello determine.

O proxecto de Regulamento interno de funcionamento someterase á ratificación do Pleno municipal cando obteña o informe da Asesoría xurídica.”

Ao comezo do debate, abandona a sesión dona Navia Rivas de Castro, sendo as 16:05 horas.

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente á sesión extraordinaria do pasado día 5 de maio, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (9 PSdeG-PSOE, 4 CA, 1 BNG e 1 N/A) e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Crear o Consello Municipal da Cidade Histórica como órgano de participación da cidadanía residente na cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela nos asuntos de competencia municipal que lles afecten.

O Consello Municipal da Cidade Histórica terá as seguintes características básicas:

1) Ámbito de actuación: asuntos de competencia municipal que lle afecten aos intereses colectivos da veciñanza e das entidades domiciliadas na cidade histórica do

Concello de Santiago de Compostela, ou que pola súa actividade e fins estean relacionados con ese ámbito da cidade.

2) Composición e organización: o Consello Municipal da Cidade Histórica estará integrado polos seguintes órganos:

Presidencia: persoa que desempeñe a Alcaldía ou concelleiro no que delegue a presidencia executiva.

Vicepresidencia: un vicepresidente primeiro, que será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos da cidade histórica; un vicepresidente segundo, que será un representante da cidadanía designado polo Consello.

Vogais:

Un representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación

Un representante do Consorcio da Cidade de Santiago

Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.

Un representante das asociacións de veciños da cidade histórica.

Un representante das asociacións de comerciantes da cidade histórica

Un representante das asociacións culturais da cidade histórica

Un representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Un representante do Consello Económico e Social do Concello de Santiago de Compostela

Dous expertos de recoñecido prestixio.

Secretaría: titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario no que delegue.

3) Réxime de funcionamento: o Consello Municipal da Cidade Histórica celebrará sesións ordinarias cunha periodicidade semestral. Tamén celebrará sesións de carácter extraordinario cando o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos seus membros.

O Consello Municipal da Cidade Histórica poderá constituír, baixo a súa supervisión, comisións de traballo, temporais ou permanentes, para a elaboración de informes, propostas ou desenvolver proxectos ou programas nos asuntos que o Consello determine.

O proxecto de Regulamento interno de funcionamento someterase á ratificación do Pleno municipal cando obteña o informe da Asesoría xurídica.

12. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00013938G. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a Resolución número 2023/5207 “liquidación do orzamento do concello” aprobada pola Concelleira delegada de economía e facenda na data 19 de abril de 2023.

Visto o informe de intervención “Ref. 327/2023” de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda do ano 2022.

CONSIDERACIÓNS

Artigo 193.4 do Texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais remitindo a información correspondente ao Ministerio de Facenda e á Comunidade Autónoma, nos termos establecidos na Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración e información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade e Sustentabilidade financeira.

Artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na citada Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e tamen no artigo 16.4) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, procedese a emitir informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade con motivo da liquidación do Orzamento do exercicio 2022 desta administración municipal.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, dase conta ao pleno:

1. Da liquidación do orzamento 2022 (Resolución de 19 de abril de 2023, núm. 2023/5207).

2. Do informe de data 19 de abril de 2023, núm. 327/2023 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda do ano 2022.”

O Pleno da Corporación queda coñecedor da liquidación do orzamento de 2022 (Resolución do 19 de abril de 2023, núm. 2023/5207).

13. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00013938G. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E LÍMITE DA DÉBEDA DO ANO 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a Resolución número 2023/5207 “liquidación do orzamento do concello” aprobada pola Concelleira delegada de economía e facenda na data 19 de abril de 2023.

Visto o informe de intervención “Ref. 327/2023” de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda do ano 2022.

CONSIDERACIÓNS

Artigo 193.4 do Texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais remitindo a información correspondente ao Ministerio de Facenda e á Comunidade Autónoma, nos

termos establecidos na Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración e información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade e Sustentabilidade financeira.

Artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na citada Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e tamen no artigo 16.4) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, procedese a emitir informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade con motivo da liquidación do Orzamento do exercicio 2022 desta administración municipal.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, dase conta ao pleno:

1. Da liquidación do orzamento 2022 (Resolución de 19 de abril de 2023, núm. 2023/5207).
2. Do informe de data 19 de abril de 2023, núm. 327/2023 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda do ano 2022."

O Pleno da Corporación queda coñecedor:

Do informe de data 19 de abril de 2023, núm. 327/2023 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda do ano 2022.

14. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00021371P. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN NÚM. 502/2023, DE RESULTADOS OBTIDOS NO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA. EXERCICIO ECONÓMICO DE 2022.

A Intervención Xeral remitiu para o coñecemento do Pleno da Corporación o seu informe, con referencia 502/2023, sobre os resultados do control interno das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2022.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do informe da Intervención Xeral, con referencia 502/2023, de data 4 de maio de 2023, relativo aos resultados obtidos no control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2022.

15. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00021670P. DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DE 2023 (PRIMEIRO TRIMESTRE).

A proposta é do seguinte teor literal:

"Proposta ao Pleno da Corporación da toma de coñecemento da execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela acumulada a 31/03/2023, así como dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

O artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (de aquí en diante TRLRFL), establece:

“La intervención de la entidad local remitirá al Pleno de la entidad, por conducto de la presidencia, información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento de la tesorería por operaciones presupuestarias independientes y auxiliares del presupuesto y de su situación, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno establezca”.

En igual senso, a Regra 52 (“Elaboración”) da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local determina:

“1. En cumplimiento de lo previsto en el artículo 207 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad elaborará la información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento y la situación de la tesorería, que debe remitir al Pleno de la Corporación, por conducto de la Presidencia, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno haya establecido.

2. La Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad determinará la estructura de los estados que habrán de reflejar la información a que se refiere el apartado anterior, de acuerdo con lo establecido por el Pleno de la Corporación.

Establece de seguido a Regra 53 (“Contenido”) a estrutura da información a remitir o Pleno da Corporación nos termos seguintes:

“1. La información a que se refiere la regla anterior contendrá datos relativos a:

- a) La ejecución del presupuesto de gastos corriente.
- b) La ejecución del presupuesto de ingresos corriente.
- c) Los movimientos y situación de la tesorería.

2. La información sobre la ejecución del presupuesto de gastos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.
- b) Los gastos comprometidos.
- c) Las obligaciones reconocidas netas.
- d) Los pagos realizados.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los gastos comprometidos respecto a los créditos definitivos, las obligaciones reconocidas netas respecto a los créditos definitivos y los pagos realizados respecto a las obligaciones reconocidas netas.

3. La información sobre la ejecución del presupuesto de ingresos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Las previsiones iniciales, sus modificaciones y las previsiones definitivas.

- b) Los derechos reconocidos netos.
- c) La recaudación neta.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los derechos reconocidos netos respecto a las previsiones definitivas y la recaudación neta respecto de los derechos reconocidos netos.

4. La información sobre los movimientos y situación de la tesorería pondrá de manifiesto, al menos, los cobros y pagos realizados durante el período a que se refiera la información, así como las existencias en la tesorería al principio y al final de dicho período.

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.

Pola súa banda a Base 8ª de Execución do orzamento xeral vixente, establece:

1. O Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade enviaralle á Secretaría Xeral do Pleno con periodicidade trimestral o estado de execución dos orzamentos para que os poña a disposición dos concelleiros e concelleiras. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada nos niveis de clasificación orgánica-programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do Concello e a nivel de programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

(...)"

Dende 1 de xuño de 2021 as funcións relativas á contabilidade enumeradas no artigo 4.2 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional corresponden no Concello de Santiago de Compostela ao Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, entre as cales figura a enumerada no artigo 207 do TRLRFL.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación tomar coñecemento:

Da información sobre execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2023 acumulada a 31/03/2023, recollendo os citados estados:

- a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de marzo de 2023.
- b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de marzo de 2023."

O Pleno da Corporación queda coñecedor:

Da información sobre execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2023 acumulada a 31/03/2023, recollendo os citados estados:

- a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 31 de marzo de 2023.
- b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 31 de marzo de 2023.

O Alcalde pecha a sesión ás 16:32 horas. Dou fe.